UNIDADE DIDÁCTICA 3. GALICIA NA IDADE MODERNA (1ª AVALIACIÓN, 3ª QUINCENA)

ÍNDICE

1. POLITICA E INSTITUCIÓNS POLÍTICAS DA IDADE MODERNA
   1.1. A evolución política de Galicia na Idade Moderna
   1.2. A organización do territorio, as principais institucións e o reformismo borbónico

2. A EXPANSIÓN DEMOGRÁFICA NA IDADE MODERNA

3. AS ACTIVIDADES ECONÓMICAS NA IDADE MODERNA
   3.1. A agricultura e a introdución de novos cultivos
   3.2. O sector pesqueiro
   3.3. As manufacturas artesanais rurais e urbanas e as iniciativas protoindustriais
   3.4. O comercio interior e exterior

4. A SOCIEDADE GALEGA NA IDADE MODERNA
   4.1. Características xerais da sociedade galega na época moderna
   4.2. Os principais grupos sociais da Idade Moderna. Os seus modos de vida e a mentalidade colectiva.

5. ENSINO E CULTURA NA IDADE MODERNA EN GALICIA

6. A ILUSTRACIÓN EN GALICIA

7. BIBLIOGRAFÍA

Entendemos por Idade Moderna a etapa histórica que abarca os séculos XVI, XVII e XVIII. Este período, identifícase co Antigo Réxime, denominación empregada polos revolucionarios franceses para referirse ao modelo de sociedade existente ata o momento en oposición ao saído da Revolución Francesa (Antigo Réxime fronte a Novo Réxime, é dicir, feudalismo fronte a capitalismo). As principais características que definen este momento histórico son unha economía de base agraria, unha sociedade estamental baseada no privilexio e unha monarquía absoluta como forma de organización política.

As transformacións que definen a Idade Moderna rastréxanse xa nas últimas décadas do século XV e son decisivas para superar a crise baixomedieval. A poboación increméntase de forma moi significativa e a situación económica mellora da man do desenvolvemento da agricultura, a introdución de cultivos novos como o maínzo e a pataca e a aparición, xa no século XVIII, dunha industria de tipo téxtil e do asentamento na costa de negociadores cataláns. Á recuperación demográfica e ás melloras no ámbito económico hai que engadir cambios na sociedade: a derrota da nobreza laica medieval e o ascenso de certos grupos sociais que darán lugar á fidalguía. Ao longo do século XVI vaise configurando en Galicia unha nova clase dominante formada por fidalgos, clero e alta nobreza residual que manterá o seu poder ata a época contemporánea.

Na sociedade e na economía galega da Idade Moderna, como no resto de Europa Occidental, nestes séculos os patróns medievais vanse transformando ao tempo que se poñen as bases do capitalismo-liberalismo. Porén, en Galicia esta transición farase con grandes dificultades e retrasos e, en xeral, os cambios producidos durante o Antigo Réxime non foron suficientes para introducir a Galicia no terreo da modernidade e para desarticular as pautas dunha sociedade tradicional.

Todas estas transformacións económicas, sociais e políticas non poden permanecer alleas a un cambio máis xeral que impón unha nova visión do home e do mundo plasmada no Renacemento artístico e literario. A Reforma relixiosa e a expansión ao continente americano son tamén elementos definitorios do primeiro mundo moderno en toda Europa, aínda que en Galicia as súas circunstancias concretas nos obriguen a establecer ritmos e características diferentes.

1. POLITICA E INSTITUCIÓNS POLÍTICAS DA IDADE MODERNA

1.1. A evolución política de Galicia na Idade Moderna

En Galicia, o período comprendido entre 1480 e 1520, aproximadamente, supón a transición da Idade Media á Idade Moderna. Nesta etapa prodúcese a integración de Galicia na monarquía hispánica, creándose unha serie de institucións de goberno e noméanse funcionarios reais que levarán as rendas da política galega durante os séculos seguintes. Os Reis Católicos inician, xa nas últimas décadas do século XV, unha política centralizadora baseada na creación de novas estruturas administrativas, na reorganización dos mosteiros e no sometemento da nobreza laica medieval.

Esta etapa histórica foi valorada de xeito diferente polos historiadores. Para uns, como Murguía ou López Ferreiro, o reinado de Sabela e Fernando foi moi beneficioso para Galicia porque logrou controlar en gran medida á poderosa nobreza e os abusos señoriais. En cambio, para os rexionalistas e nacionalistas estes anos son o inicio dunha dominación abusiva por parte do poder real que supón, entre outras cousas, a discriminación da lingua e da cultura galegas.

Na Idade Moderna, dentro do marco de centralización, uniformidade e afirmación das monarquías nacionais que caracterizan as políticas dos monarcas europeos, a provincia ou Reino de Galicia está integrado na Coroa de Castela. Funciona como unha única unidade político-administrativa aínda que internamente existían primeiro cinco e despois sete circunscricións, denominadas tamén provincias, representadas actualmente nas sete cruces do escudo oficial de Galicia.

Trala morte da raíña Sabela en 1504 houbo un retroceso xeral do poder real na Coroa de Castela, retroceso que se acrecenta no entorno do ano 1520 durante a Guerra das Comunidades trala marcha de Carlos I para ser coroado emperador de Alemaña. Nestes anos a nobreza galega recupera parte do seu poder e co obxectivo de volver a súa anterior situación privilexiada, os nobres únense para garantir que non se producira unha revolta coma a dos Irmandiños que atentara contra os seus intereses e logran así que non se estenda a Galicia o movemento dos Comuneiros. Nestes anos, o Conde de Lemos, Fernando de Andrade e o arcebispo de Santiago, Fonseca teñen nun enorme poder e son eles os que o catro de decembro de 1520 na xuntanza de Melide esixen o voto para Galicia nas Cortes, opoñéndose á decisión de que fora Zamora a que falase en nome dos galegos. A resposta de Carlos I dende Alemaña non os contenta. Galicia vese privada do seu voto en Cortes ata 1623, feito que determina o papel secundario que a partir de entón vai ter Galicia na monarquía española. Co regreso a España de Carlos I recupérase o poder real e os principais nobres galegos incorpóranse a empresas da monarquía fora de Galicia.

Durante toda a Idade Moderna, ademais dos problemas económicos e sociais que definen esta etapa histórica, Galicia tense que enfrontar a outras preocupacións derivadas do seu carácter periférico sobre todo no litoral e nas zonas fronteirizas do sur. Sobre todo durante o século XVI e primeira metade do XVII as costas de Galicia son obxecto de continuos ataques por parte de barcos corsarios franceses e piratas de outras nacionalidades. Tamén barcos ingleses atacan as nosas costas en resposta á rivalidade entre España e Gran Bretaña polo control das rutas e os mercados de América. De especial importancia é o ataque a Coruña capitaneado por Drake en 1589 en vinganza pola expedición da Armada Invencible que envía Filipe II. A cidade sufre un incendio e resiste un duro ataque durante catorce días defendida por coruñeses anónimos e por outros de sobra coñecidos como María Pita. A cidade de Vigo tamén foi obxectivo das escuadras inglesa e holandesa en varias ocasións. Os ataques máis graves tiveron lugar nas primeiras décadas do século XVIII, en 1702 e en 1719. O episodio de 1702 é coñecido popularmente como o da escuadra da prata ou do afundimento dos galeóns de Rande.

Estes quince galeóns cargados con lingotes de prata, escoltados por navíos franceses, formaban parte da Flota de Nova España que procedía de Veracruz e tiña Cádiz como destino pero o mal tempo e a ameaza inglesa obrígana a refuxiarse na ría de Vigo. Este feito é aproveitado pola escuadra anglo-holandesa para atacar a cidade. Ao darse conta de que a resistencia era inútil os franceses incendian os galeóns dando así lugar a unha abundante literatura sobre a permanencia dos tesouros no fondo do mar.

Entre 1642 e 1689, aínda que non de modo continuado, tamén hai problemas bélicos na fronteira sur de Galicia derivados da Guerra de Liberación portuguesa. A ocupación do Val do Rosal, o saqueo de Gondomar, ou o incendio de Porriño son manifestacións deste conflito que remata co recoñecemento da independencia de Portugal.

1.2. A organización do territorio, as principais institucións e o reformismo borbónico

Durante toda a Idade Moderna a organización territorial responde á organización mesma do poder, o cal xustifica a súa complexidade. Galicia é considerada como unha unidade coñecida como provincia ou reino de Galicia. Esta provincia ou reino organízase internamente en circunscricións territoriais, chamadas tamén provincias, que non tiñan infraestrutura administrativa nin xurisdicional e dependían das cidades. Nun primeiro momento son cinco e despois amplíanse a sete: Mondoñedo, Lugo, Ourense, Tui, Santiago, A Coruña e Betanzos. As sete participan nas Xuntas do Reino e están divididas en concellos (urbanos e rurais), xurisdicións (formadas por varias parroquias) e coutos. A esta organización política hai que unir a eclesiástica que divide ao Reino en dioceses que serven moitas veces de marco á administración civil. Ademais, non hai que esquecer a importancia que ten o señorío xa que en Galicia só dependían do rei o nove por cento das terras e o dez por cento dos habitantes mentres que o resto debíase maioritariamente aos señores, laicos ou eclesiásticos.

A monarquía, ademais de impoñer novos ámbitos administrativos (as provincias) tamén crea novas institucións de goberno que afirman a súa presenza permanente en Galicia. As principais institucións políticas son o Capitán Xeral con funcións de gobernador do Reino e presidente da Audiencia, a Real Audiencia e a Xunta do Reino. O Capitán Xeral é a figura principal deste entramado administrativo e gobernativo xa que ven a ser o representante do rei en Galicia e, por isto, posúe amplos poderes.

A Real Audiencia do Reino de Galicia é a institución de maior influencia e relevancia xa que ten funcións gobernativas e de administración de xustiza. A súa orixe está no ano 1480 cando os Reis Católicos envían a Galicia para administrar xustiza a Fernando de Acuña como Xustiza Maior do Reino e a Garci López de Chinchilla como Alcalde Maior. Nun principio a Audiencia non ten residencia fixa xa que nace como un tribunal especial para pacificar definitivamente o Reino e restaurala xustiza real sometendo aos señores. Pode considerarse o ano 1514 como a data de creación da Audiencia como tal xa que é neste momento cando abandona o carácter de tribunal especial. Dada a súa importancia, primeiro aséntase en Santiago e en 1563 trasládase a Coruña para establecerse nunha cidade de reguengo, lonxe da influencia do arcebispo de Compostela. De tódolos xeitos, esta tampouco é unha sede fixa porque esta institución desprázase sempre aos lugares onde hai problemas que resolver. Está presidida polo Capitán Xeneral baixo o cal traballan varios maxistrados (alcaldes maiores), escribáns e outros funcionarios que se van sumando a medida que aumentan os asuntos a tratar ata conformar un verdadeiro órgano colexiado de especialistas con funcións xudiciais e gobernativas. Estes funcionarios en moi poucos casos eran galegos e nos séculos XVI e XVII apenas chegan ao dous por cento da porcentaxe total. As atribucións da Audiencia eran moi amplas xa que abarcan dende problemas de goberno (orde pública, abastecemento), provisión do exército (levas, aloxamentos) ou preitos derivados do exercicio da xurisdición e da posesión da terra. Estes últimos son tan frecuentes que as súas correspondentes sentencias dan lugar o chamado Auto Ordinario de Galicia ou Auto Galego e, en xeral,

toda a documentación xerada por este organismo constitúe o fondo fundamental do Arquivo do Reino de Galicia. A actividade da Audiencia faise cada vez máis complexa pola gran cantidade de asuntos a tratar e pola transcendencia dalgún deles como o preito pola renovación dos foros que xurde na segunda metade do século XVIII.

A terceira institución da Galicia moderna é a Xunta do Reino de Galicia, organismo que empeza a funcionar regularmente en 1528 e que se mantén vixente ata 1834, ano no que se produce a súa abolición como consecuencia da revolución liberal. Os precedentes das xuntas están nas reunións de procuradores da Irmandade que se viñan celebrando dende 1480. Estas xuntanzas reunían periodicamente os representantes das principais cidades para resolver cuestións relativas ao reparto de tributos e levas militares. Non hai que esquecer que Galicia funciona como unha única provincia tributaria e militar e, polo tanto, os tributos e as tropas deben ser organizados no propio reino. Dende 1528 os procuradores das cidades (normalmente membros da fidalguía) deciden reunirse unha vez ao ano, durante quince días do mes de marzo (isto non sempre se vai a cumprir). As cidades que participan na Xunta son, nun principio, cinco pero a mediados do século XVI súmanse Coruña e Tui pasando a estar representadas na Xunta as sete cidades máis importantes: Santiago, Mondoñedo, Lugo, Ourense, Tui, Coruña e Betanzos. Outras cidades como Viveiro ou Pontevedra pretenden estar representadas cun procurador pero non o logran. Normalmente as reunións, presididas polo Capitán Xeral, non son na mesma cidade e o lugar escollido case sempre é o edificio do concello. A Xunta convértese, na maior parte das veces, nun órgano consultivo, intermediario entre o Reino de Galicia e a Coroa e sumiso á autoridade real, con funcións de representación na xestión fiscal. Aínda que tivo, en xeral, pouca capacidade operativa, a Xunta distribuía por provincias as cotas dos tributos esixidas polo monarca e tiña o privilexio de facer peticións ao rei sobre as necesidades de Galicia. Unha das queixas ao rei que máis tempo e esforzo lle supón a este órgano é a referente á recuperación do voto en Cortes. Galicia perdera o seu voto a mediados do século XV e agora era Zamora a que falaba por ela nas Cortes da Coroa de Castela. A mediados do século XVI a Xunta do Reino inicia un proceso moi longo para recuperar ese voto. Tras moitas negociacións vaino conseguir en 1623 sendo rei Filipe IV, cando xa as Cortes teñen un escaso ou nulo papel. A consecución deste voto prodúcense numerosos enfrontamentos entre as cidades por acudir ás reunións das Cortes. O século XVII é o período de máis actividade das xuntas xa que os problemas da monarquía outórganlles maior importancia e liberdade nas decisións. Aínda que se manteñen ata finais da Idade Moderna, no século XVIII decaen debido ao centralismo borbónico.

Ademais das institución que representan á Coroa, existen outras de carácter local como son os rexementos ou concellos. Estas últimas naceron na Baixa Idade Media en substitución das asembleas de veciños. A composición dos concellos varía un pouco dependendo se pertencen a unha cidade de reguengo ou a unha cidade sometida á potestade don señor, laico ou eclesiástico. Os concellos de reguengo están encabezados por un corrixidor nomeado polo rei que conta coa axuda dun número variable de rexedores, membros da oligarquía local, e por un ou dous procuradores xerais que son os representantes do pobo (aínda que cada vez van a participar máis dos intereses dos grupos dirixentes). Nos concellos señoriais, os rexedores son nomeados polo señor o cal implica que nos señoríos episcopais, que en Galicia son a maioría das cidades, son o bispo e o cabido os encargados de prover as rexedorías vacantes. Os cargos de rexedores, tanto nuns concellos como noutros, van a acabar sendo patrimonializados, é dicir, os renunciantes poden elixir ao seu sucesor co cal os cargos sempre están en mans dos mesmos. Nun primeiro momento isto só ocorre nas cidades de reguengo pero no século XVII xa se aplica tamén nas de señorío. No século XVI, nos rexementos de reguengo o control real é claro pero posteriormente os concellos de señorío tamén se converten en instrumentos de afirmación do poder da Coroa, representado pola Audiencia, gañando en autonomía fronte a nobres e bispos.Os rexementos normalmente dispoñen de poucos bens propios co cal o desexo de ocupar cargos responde máis a razóns de índole social e política, non económica. Os concellos deben atender tódolos aspectos da vida

local, por iso as súas competencias son moi amplas: abastos, beneficencia, defensa, vixilancia da actividade construtiva, etc.

Coas reformas que impoñen os Borbóns, a todas estas institucións hai que engadir, no século XVIII, a Intendencia que en Galicia queda definitivamente establecida en 1718 para controlar asuntos de Guerra, Facenda, Policía e Xustiza. Trátase dun organismo que nace para reforzar o centralismo aínda que sempre vai estar contrapesado polos poderes locais e señoriais. O Intendente depende directamente do rei e está en permanente contacto coa Coroa. A Intendencia recorta as facultades da Audiencia xa que é a que organiza e reparte as levas, abastece ao Exército, establece hospitais militares, reparte tributos e cobra rendas reais entre outras competencias. O último Intendente Xeral de Galicia é o Marqués de Piedrabuena que morre en 1775.

2. A EXPANSIÓN DEMOGRÁFICA NA IDADE MODERNA

A poboación de Galicia na Idade Moderna experimenta un extraordinario crecemento, duplicándose o número de galegos entre finais do século XVI e mediados do XVIII (en 1591 Galicia conta con 630.000 habitantes e no censo de 1752 xa se fala de 1.300.000 persoas) O dinamismo demográfico rexistrado nestes séculos fai da Galicia do século XVIII unha das rexións máis poboadas dentro da monarquía hispánica cunha densidade de poboación de 45 habitantes por quilómetro cadrado, que era case o dobre da densidade do Principado de Cataluña. A maioría desta poboación é rural constituíndo a urbana unha pequena porcentaxe sobre o total.

O crecemento demográfico galego no Antigo Réxime é, en xeral, sostido e constante pero non uniforme, presentando importantes diferenzas, por unha banda, entre a evolución da poboación nas comarcas costeiras e nas do interior e, por outra, tamén diferenzas temporais, podendo establecer varias fases nesa evolución. Dende mediados do século XV e durante todo o XVI prodúcese, en xeral, un incremento do número de persoas en Galicia. A partir de entón e ata 1630/1640 desenvólvese un ciclo demográfico máis negativo como consecuencia das malas colleitas e as pestes que provocan unha baixa na produción agrícola e un aumento da presión fiscal. Dende mediados do século XVII e ata finais do XVIII recupérase o ritmo de crecemento.

Este incremento da poboación responde, en grande medida, ao cambio no modelo demográfico e a súa evolución cara un ciclo demográfico moderno caracterizado por matrimonios tardíos, baixa fecundidade e mortalidade benigna fronte ao anterior modelo de poboación estable con taxas de mortalidade catastrófica moi elevadas que anulan todo o crecemento producido polas altas taxas de natalidade. No século XVIII a natalidade é baixa pero tamén a mortalidade, sobre todo a infantil, co cal a esperanza de vida é moi alta tendo en conta as condicións económicas e sanitarias da época á que nos estamos referindo.

Porén, o impulso demográfico que caracteriza a Idade Moderna vese freado por acontecementos como as pestes ou as crises de subsistencia e por realidades como a falta de asistencia médica e sanitaria. A mortalidade provocada pola peste fíxose notar de modo moi claro sobre todo nas vilas costeiras no século XVI xa que, en moitos casos, a enfermidade procedía de Oriente e traíana os tripulantes dos barcos. Outras enfermidades contaxiosas coma a tise son tamén a causa de moitas defuncións. Por outra banda, tamén son frecuentes as crises de subsistencia que producen a carestía dos produtos básicos, fame, mendicidade, etc. En tempos de peste ou de crise os problemas increméntanse nas cidades e vilas xa que a xente marcha cara elas para poder ser atendidos en casas de caridade. As autoridades en moitas ocasións vense desbordadas pola situación e as medidas médicas e sanitarias tampouco favorecen a recuperación.

Todo isto pon límites ao crecemento da poboación en Galicia e determina, xunto á situación económica e á organización social en xeral, a busca de novos horizontes para moita xente que ve na emigración a mellor forma de mellorar a súa situación. O desprazamento estacional a Castela dos campesiños galegos é un fenómeno característico da Idade Moderna, pero a emigración alcanzará as súas cotas máis importantes a partir da segunda metade do século XVIII coa fuxida a América.

Na época moderna vaise configurando o hábitat rural galego caracterizado pola dispersión do poboamento. Existe un elevado número de asentamentos de pequeno tamaño aínda que nalgunhas zonas é máis concentrado que noutras.

Aínda que o **século XVI** é un período problemático no que respecta á análise da demografía pola escaseza de fontes documentais, é indubidable que a poboación galega nesta centuria medra de forma moi significativa e recupérase da crise da Baixa Idade Media. Existen poucos rexistros parroquiais fiables que corroboren esta afirmación e as outras fontes empregadas para o reconto da poboación tampouco son de todo axeitadas

ao non ser estudos completos nin minuciosos e case sempre referirse a contribuíntes ou a cabezas de familia e non a habitantes. Estas fontes son fundamentalmente as fontes eclesiásticas, referidas a visitas pastorais ou a censos de bispos, as fontes fiscais ou documentos feitos pola monarquía para coñecer o número de súbditos, ou os vecindarios ou relacións de xente feitas para o reparto dos mouriscos no Reino de Galicia ou para reparto de impostos e de donativos. Ademais das cifras aportadas por todos estes documentos, do importante crecemento demográfico na Galicia do XVI son testemuña os datos sobre reconstrución de vivendas, a elevación dos foros ou o rotamento de terras. O incremento de poboación detense en Galicia antes que en Castela (anos oitenta) xa que a crise de subsistencias e as epidemias de peste que se encadean a partir de 1563 (especialmente grave é a gran peste atlántica de 1598 a 1599) frean de forma moi clara esa tendencia.

O crecemento da poboación non se produce do mesmo xeito en todo o territorio galego. O número de habitantes medra moito máis en zonas inicialmente máis despoboadas como é o caso do norte da provincia de Mondoñedo onde o incremento é de máis do oitenta por cento fronte o dalgunha parroquia da Terra de Santiago onde a poboación só medra un corenta por cento. No mundo urbano os habitantes increméntanse máis naqueles núcleos onde o dinamismo económico é maior como é o caso das cidades costeiras vinculadas a actividades pesqueiras e mercantís.

As desigualdades na densidade de poboación pódense rexistrar xa claramente neste século, concentrándose o maior número de habitantes na costa e nas zonas de agricultura máis especializada e desenvolvida como é o caso das comarcas vitícolas. Isto vai dar lugar a desequilibrios territoriais e a unha desigual distribución da poboación que aumentarán co paso do tempo. Algunhas comarcas das Rías Baixas, as Mariñas de Betanzos e a zona do Ribeiro constitúen os núcleos máis poboados con concentracións en torno aos cincuenta habitantes por quilómetro cadrado fronte aos dez habitantes por quilómetro cadrado dalgunhas zonas da montaña da Galicia interior.

A poboación de Galicia é fundamentalmente rural. A porcentaxe de poboación urbana é moi baixa (só entre o sete e o doce por cento dos galegos viven en cidades) e os núcleos son pequenos. A cidade máis grande no século XVI é Pontevedra (en torno aos mil cincocentos habitantes) e despois outras como Baiona, Betanzos, Tui e A Coruña ou no interior Santiago e Ourense. Hai que destacar tamén pequenas vilas que contan con douscentos ou trescentos veciños como son os casos de Ribadeo, Viveiro, Ferrol, Monforte ou Allariz.

A diferenza do século XVI, as fontes empregadas para o estudo da demografía galega no **século XVII** son fundamentalmente as parroquiais xa que as fontes fiscais e os vecindarios non son tan frecuentes ao non poñer a Coroa tanto empeño en coñecer o número de súbditos coma na centuria anterior. A nota que define a evolución da poboación galega neste século é o diferente comportamento fronte á poboación castelá. Así, mentres que en Castela fálase de crise demográfica en Galicia séguese a falar de incremento demográfico. Despois dun pequeno período de crise comprendido entre 1580 e 1630/40, a evolución demográfica é positiva ata mediados do século XVIII favorecida pola ausencia de peste e pola mellora na produtividade agraria coa introdución do maínzo, que axuda a superar as crises de subsistencias.

As desigualdades na distribución da poboación seguen incrementándose neste século. Neste senso, a precoz introdución do cultivo do maínzo e a mellora que supón no sistema de rotacións vai permitir un crecemento da poboación nas comarcas litorais occidentais (Salnés, Morrazo ou Barbanza). O proceso de expansión demográfica continua nas décadas centrais do século polos vales prelitorais occidentais e o litoral cantábrico. Finalmente, chega á Galicia interior pero xa con moita menor intensidade. A porcentaxe de poboación urbana segue sendo baixa pero hai que destacar o crecemento experimentado por Santiago e A Coruña (grazas á súa actividade comercial e administrativa) ó tempo que Pontevedra, Baiona, Muros ou Noia decaen debido o declive da actividade pesqueira.

O **século XVIII** está considerado en toda Europa como unha etapa de revolución demográfica. O crecemento da poboación é xeneralizado pero, como nas centurias

anteriores, non se produce da mesma maneira en tódalas rexións. As diferenzas comarcais seguen existindo aínda que non son as mesmas, senón case as contrarias, de maneira que as zonas máis dinámicas nos séculos anteriores (Salnés, Morrazo, Ulla…) son agora as que medran a un ritmo máis lento e mesmo perden poboación debido á insuficiente produción agraria. En cambio, no interior o incremento poboacional é maior grazas ao retraso na extensión do maínzo que empeza agora a cultivarse nestas comarcas. No mundo urbano hai que falar dun declive xeral pero hai algunhas excepcións. Exemplo delas é o espectacular crecemento que experimenta Ferrol na segunda metade da XVIII grazas á construción dos estaleiros. Esta cidade pasa a ser a máis poboada de Galicia, superando a Santiago. Tamén medran A Coruña, Mondoñedo, Lugo e Vigo mentres outras como Ourense, Santiago e Pontevedra se estancan e pequenas vilas como A Guarda, Monforte ou Ribadavia comezan a decaer.

Se ben é certo que a evolución da demografía na Idade Moderna vincúlase ao sistema produtivo de base agraria non se poden esquecer outros factores internos que configuran un modelo demográfico: a mortalidade, a nupcialidade, a fecundidade e a emigración. Estes factores permiten regular o número de habitantes nun lugar en un tempo e o estudo deles axúdannos a coñecer o comportamento xeral da poboación. No século XVI dispoñemos de menor información pero no XVII e no XVIII podemos xa sacar conclusións máis fiables. No caso galego, as principais características do modelo demográfico son unha mortalidade reducida, unha baixa natalidade, unha maior lonxevidade, unha nupcialidade controlada (retraso na idade de matrimonio) e unha forte emigración masculina (emigración estacional ás segas). Estes patróns xerais non se aplican da mesma maneira a todas as comarcas de Galicia nin a todos os tempos. Unha vez máis, a Galicia litoral e a Galicia interior, a Galicia rural e a urbana se comportan de modos diferentes. Na Galicia interior a taxa de mortalidade chega a cuadriplicarse en algunhas comarcas de Lugo e Ourense con respecto a algunhas zonas das Rías Baixas. A nupcialidade caracterízase, en xeral, por unha idade de acceso ó matrimonio relativamente elevada (23-27 anos) e pola amplitude da vida matrimonial xa que un 50% dos matrimonios duran polo menos 25 anos cunha media de catro ou cinco fillos por familia. A emigración estacional a Castela (coñecida como *andoriña*) para as segas ou para exercer determinados oficios como os de canteiro é o fenómeno migratorio máis representativo da Galicia do Antigo Réxime. Estes movementos de poboación están moi documentados dende o século XVII. As comarcas que máis xente perderon foron a provincia de Mondoñedo, algunhas comarcas do litoral noroccidental e da provincia de Ourense. Tamén teñen gran importancia os desprazamentos temporais a Madrid (sendo o oficio de augador un dos máis característicos) e a cidades e vilas de Andalucía (sobre todo dende as Rías Baixas). Na segunda metade do século XVIII a emigración alcanza cotas moi importantes, xa que debido ao gran crecemento da poboación a xente debe buscar fóra o seu medio de vida. Durante gran parte deste século as saídas son cara outras partes da Península pero a partir de 1776 as autoridades tentan orientar esta emigración cara América establecendo na Coruña unha comisión encargada da expedición de familias ás terras do Prata.

3. AS ACTIVIDADES ECONÓMICAS NA IDADE MODERNA

3.1. A agricultura e a introdución de novos cultivos

A economía da Idade Moderna en Galicia está claramente baseada no sector agrícola. A transcendencia da agricultura na sociedade resulta sinxela de afirmar se temos en conta que o noventa por cento da poboación vive no medio rural e que unha grande parte dos sectores cidadáns están sostidos polas rendas das terras. No século XVI ten lugar un crecemento da produción pero dentro das pautas tradicionais no tipo de cultivos e nas técnicas usadas así como no modo de organización ao consolidarse o foro como tipo de contrato. Na análise do sistema agrario galego do Antigo Réxime hai que facer, en xeral, referencia a unha dobre vertente, aínda que sen esquecer as diferenzas comarcais. Por unha banda, a agricultura galega mostra un baixo nivel de desenvolvemento se estudamos o seu atraso tecnolóxico ou outros factores estruturais como o reducido tamaño das explotacións ou o predominio dunha economía de subsistencia. Porén, temos que falar tamén dunha elevada capacidade produtiva dunha agricultura que é capaz de soster a unha poboación moi numerosa durante un longo período de tempo. Isto pódese explicar pola introdución do maínzo no século XVII e polas modificacións do sistema de cultivo, polo aproveitamento do monte e a abundante cabana gandeira, por un réxime de propiedade moi estable e por un intenso traballo do home que suple á escasa tecnoloxía.

En xeral, os parámetros básicos que caracterizan a agricultura galega na Idade Moderna pódense resumir en: incorporación de novos cultivos (maínzo e pataca); intensificación da produción (aínda que con diferenzas espaciais e temporais) grazas aos avances na rotación de cultivos e a explotación do monte; poucos cambios nos métodos de traballo, mantendo o mesmo nivel tecnolóxico que na Idade Media; existencia de explotacións cada vez máis pequenas (2-3 hectáreas na costa e 4 no interior), porque os mosteiros e os fidalgos e nobres entregan as tarefas agrícolas a pequenos campesiños desaparecendo as grandes explotacións medievais; a agricultura compleméntase coa gandería e, por último, os agricultores non son propietarios plenos da terra xa que o sistema foral regula as relacións agrarias.

As características do sistema agrario do **século XVI** podémolas facer extensivas ao final da Baixa Idade Media nas últimas décadas do XV e ás primeiras do XVII. Ao longo desta etapa reafírmanse vellas estruturas organizativas do mundo agrario anterior: os contratos forais, as rendas en especie e as pequenas explotacións campesiñas agrupadas en aldeas. A agricultura do XVI é unha agricultura extensiva na que se fai un esforzo importante para ampliar o espazo cultivado como se deduce da enorme cantidade de foros outorgados e para mellorar a rotación de cultivos (aínda que o barbeito segue tendo un gran peso). A pesar desto a paisaxe dominante é a do bosque que serve para manter unha ampla dedicación gandeira sobre todo durante a primeira metade do século.

Coincidindo coa evolución demográfica, podemos establecer dúas etapas no desenvolvemento da agricultura no século XVI: unha primeira fase de expansión agraria comprendida entre 1480/90 e 1560/80 e un segundo período entre 1560/80 e 1630/40 no que se alternan anos de crecemento (1609-1618) con outros de máis dificultades.

O núcleo do modo de vida agrario da Galicia moderna é a aldea, herdeira das *villae*, e a unidade de explotación na que se basea o sistema é o *casal* ou *lugar*. Estas unidades compóñense dunha vivenda e as construcións anexas a ela como as cortes para o gando ou os almacéns para os apeiros ou as colleitas. Próximas aos lugares de habitación están as *cortiñas* ou terras de labor de tamaño reducido e uso individual fronte ás *leiras* distribuídas en unidades maiores chamadas *agras* ou *herdades,* de uso particular pero carácter comunal. Os propietarios das diferentes *leiras* deben sementar os mesmos cereais, contribuír ao cerramento do espazo cultivado e despois da colleita deben permitir

o pasto do gando nas restrebeiras (feito denominado *derrota de mieses*). O tamaño medio das explotacións neste momento (en torno ás tres hectáreas) é bastante elevado se o comparamos co dos séculos posteriores nos que se xesta e consolida o minifundio. Ademais das *cortiñas* e as *leiras* os campesiños galegos do século XVI dispoñen de outros espazos nos que levar a cabo as súas tarefas diarias. O monte en xeral e os montes comunais en particular son tamén lugares dos que poden beneficiarse. No monte pode pastar o gando e incluso pode ser labrado ademais de servir como lugar de caza e de abastecemento de leña. Por outro lado, case todas as aldeas teñen montes comunais que poden labrarse igual que sucede coas agras. O uso destes montes está regulado pero aínda así son motivo de moitos litixios ao longo do tempo.

A maior parte das terras cultivadas en Galicia están ocupadas por cereal, sobre todo, centeo, cereal que case se converte en monocultivo en algunhas zonas da Galicia interior. Na Galicia occidental e cantábrica o centeo comparte protagonismo co millo miúdo como cereal de primavera que permite un sistema de rotación. Deste xeito na Galicia litoral os campesiños poden obter varias colleitas no ano, unha no inverno (de centeo e, ás veces, trigo) e outra de millo miúdo ou avea. Este sistema chega a ser aínda máis efectivo en algunhas comarcas concretas ao engadir o cultivo do nabo ao sistema de rotación. Sen esquecer a hexemonía do cereal, tamén teñen importancia na agricultura galega do momento as froiteiras e, sobre todo, o viñedo que alcanza agora a súa maior extensión en Galicia e é o único produto agrícola que ten unha clara orientación comercial. Na primeira metade do século a vide ocupa comarcas tradicionais no seu cultivo como o Ribeiro ou Valdeorras, pero tamén os arredores de cidades como A Coruña e Santiago e outras zonas pouco propicias como a costa lucense, que queren aproveitar as súas amplas posibilidades comerciais. Na segunda metade do século o viñedo reduce a súa superficie cultivada que queda restrinxida á Galicia meridional onde segue sendo case un monocultivo. Este feito xunto co aproveitamento da castaña é a causa fundamental da escasa importancia que ten a gandería nestas comarcas.

Se ben podemos considerar que a agricultura galega na Idade Moderna introduce avances como o aumento da superficie cultivada e a rotación de cultivos non podemos dicir o mesmo da mellora dos medios técnicos. Os útiles de labranza seguen sendo, en xeral, de orixe medieval. A madeira é o material fundamental na fabricación de arados, carros e outros apeiros e a utilización do ferro é moi restrinxida aínda que existen ferrerías nas provincias de Lugo e Mondoñedo)

Na maior parte dos casos os agricultores galegos completan as súas explotacións con gandería extensiva que alimentan nos numerosos espazos sen cultivar. O número de cabezas de gando e a condición da cabana gandeira varía dunha comarca a outra pero, en xeral, a media de animais por campesiño é bastante elevada (31 en O Morrazo e 34.5 en Mondoñedo.

Nas últimas décadas do século XVI a situación económica e demográfica favorable cambia de ritmo e moitas familias comezan a endebedarse, iniciándose unha fase negativa que se manterá ata 1630/40. As principais causas do cambio na conxuntura económica son as malas colleitas e as pestes, que provocan unha baixa na produción agrícola, o incremento da presión fiscal e rendeiro e o retroceso da demanda urbana. Pasado o primeiro terzo do **século XVII** e a raíz da crise de subsistencias de 1628/32, que obriga a buscar solucións, nalgunha comarca galega prodúcese unha mellora moi importante no rendemento agrario que ven dada pola introdución dun cereal procedente de América, o maínzo ou millo gordo. A partir de 1630/40 iníciase o chamado “ciclo do maínzo” e con el un incremento demográfico notable. Antes desta data o seu cultivo en Galicia foi esporádico aínda que en Asturias e no Norte de Portugal xa se coñecía dende a primeira década do século. Nos anos trinta implántase o novo cultivo na zona das Rías Baixas e isto reflíctese nunha mellora xeral do sistema económico. Na Galicia cantábrica hai que agardar aos anos 60 e 70 e nalgunha comarca do interior non chegará ata finais do século XVIII.

O maínzo permite unha maior produtividade grazas ao incremento e intensificación da produción e presenta grandes vantaxes para o campesiño. Isto explica a súa rápida

aceptación nalgunhas zonas: altos rendementos de ata dez veces superiores aos do centeo, ciclo vexetativo máis curto na primavera e no outono que permite un sistema de rotación máis avanzado e complexo e fácil panificación nas "broas" de maínzo. Este cereal substitúe ao millo miúdo na rotación. Por outra banda, non precisa de cambios no sistema de explotación tradicional, nin na tecnoloxía agrícola nin nas relacións sociais. Isto non favorece cambios revolucionarios nin renovacións na estrutura agraria anterior.

A rápida difusión do cultivo do maínzo na Galicia litoral e meridional (onde chega a ocupar as dúas terceiras partes da produción agraria) e, pola contra, a pouca adaptación nas comarcas interiores ten como consecuencia diverxencias territoriais moi claras dadas pola diferenciación de dous modelos de aproveitamento agrario: un modelo intensivo e máis produtivo na fachada atlántica e outro modelo extensivo e de baixo rendemento no interior. No primeiro modelo pódese eliminar o barbeito e reducirse a importancia da *derrota de mieses* o cal contribúe a un cambio na alimentación do gando pasándose dunha gandería extensiva a unha gandería estabulada con reses de maior peso e calidade. Deste xeito, na Galicia suroccidental os altos rendementos agrícolas, a gandería estabulada e orientada cara a produción de gando vacún e porcino, o aproveitamento dos espazos incultos xunto á extensión do regadío provocan unha auténtica revolución agraria que sustenta un crecemento demográfico que desborda as posibilidades deste sistema económico. Na Galicia interior mantense o modelo baseado no cultivo do centeo, rotacións simples con barbeito e gandería extensiva.

Antigo traxe rural galego do século XVIII.

O viñedo continua a ter importancia na agricultura galega. Coma no século anterior, a vide segue sendo case un monocultivo en comarcas coma a do Ribeiro ou o Val de Monterrei que converten a provincia de Ourense na de maior extensión vitícola. Fora dela, o viñedo cultívase en moita menor medida na provincia de Tui e nas proximidades de A Coruña (comarca de As Mariñas) e Santiago (comarca da Ulla). A diferenza do século XVI, o cultivo da vide case desaparece na Galicia cantábrica. No XVIII o viñedo entra en crise tamén nas comarcas da provincia de Ourense debido aos problemas na súa comercialización derivados, no exterior, da situación política e, no interior, dos custes do transporte e dos elevados impostos.

Dende mediados do **século XVIII** dous factores modifican a agricultura galega. Por unha parte, a expansión da maínzo no interior de Galicia e, por outra, a introdución da pataca que permite eliminar o barbeito. Ambos produtos aumentan a produtividade das terras cultivadas e así pódese ampliar a superficie dedicada a prado ca conseguinte mellora para a cabana gandeira. Nun primeiro momento a pataca goza dunha escasa consideración social e con frecuencia dedícase ao consumo animal. Só despois de crises

de subsistencia graves como a de 1760 forma parte da alimentación dos máis pobres. A zona da veiga de Ribadeo parece que foi onde, por primeira vez, foron cultivadas para o consumo humano. O feito de que se cultivasen baixo terra, os rumores que corrían sobre as enfermidades que orixinaban e a súa inadecuada condimentación (xa que se comían sen pel ou con leite como as castañas) retrasaron a súa expansión.

3.2. O sector pesqueiro

Dentro das actividades primarias a agricultura é, sen dúbida, a de maior peso na economía da Idade Moderna pero aínda así é salientable a importancia da pesca nunha rexión que conta cun extenso e poboado litoral. O importante desenvolvemento que a actividade pesqueira alcanzou na Idade Media mantense no século XVI considerado como o momento de maior florecemento dos núcleos litorais, en especial, de Pontevedra que ocupa agora o posición hexemónica mantida por A Coruña no século anterior. Pontevedra, cuxo influínte gremio de mareantes controla a salga do peixe, convértese no primeiro porto pesqueiro de Galicia e isto contribúe de forma moi destacada o seu crecemento. A finais desta centuria iníciase unha importante recesión que se manterá ao longo de todo o século XVII. Xa no século XVIII continua esta situación negativa para o sector pesqueiro galego acrecentada por outras medidas impostas aos mareantes e pola mala acollida que, nun primeiro momento, ten a chegada dos negociantes cataláns a Galicia.

A importancia do sector pesqueiro queda clara no volume das exportacións, sobre todo de sardiña, a Portugal, Andalucía e o Mediterráneo. A sardiña é, con diferenza, a especie que concentra o groso das capturas e sostén as exportacións (no porto de Pontevedra, entre 1526 e 1559 o setenta e cinco por cento dos contratos de exportación de peixe refírense á sardiña) aínda que sabemos que tamén se pesca congro, badeixo ou pescada. Temos tamén constancia da importancia da caza de baleas como sostén dalgúns pequenos portos como Malpica, Corme, Foz ou Burela. En xeral, a economía de tódalas comarcas costeiras gravita fundamentalmente en torno á pesca e en todas elas un alto porcentaxe de veciños se dedica a esta actividade. Os mariñeiros agrúpanse nos gremios de mareantes, cun importante poder social e económico. O gremio é o que regula mediante ordenanzas o funcionamento do sector pesqueiro: a venda de peixe, as artes a utilizar na captura, a distribución das zonas de pesca, etc., todos eles frecuentes motivos de litixio entre gremios ao longo da Idade Moderna.

A arte de pesca que predomina en Galicia no **século XVI** é o *cerco real*, un sistema que se usa na captura da sardiña sobre todo nas Rías Baixas (nas Rías Altas úsase un moi similar denominado *cedazo*). Varias embarcacións pequenas lanzan unha rede de gran tamaño que deixan no mar durante catro ou cinco días e despois arrastran para levar as sardiñas a terra. Despois repártense as capturas en proporción ao aportado por cada pescador, feito que contribúe a afianzar as xerarquías xa que os donos dos barcos e das redes son os que sacan maiores beneficios. Ao longo do século XVI vanse introducindo outros sistemas de pesca (traíña, espinel, sacada, xeito, etc.) pero ningún deles conta coa aprobación das autoridades dos gremios que os prohiben reiteradamente en favor das artes tradicionais ao ver perigar o seu control sobre o sector. Porén, conforme avanza o século vanse impoñendo novas realidades que se escapan ao control das elites gremiais. É o caso da chegada de capital de fóra do sector aportado por mercadores que permiten arrendar barcos aos pescadores a cambio dunha renda en especie. Os novos inversores participan deste xeito nas campañas de pesca e controlan unha parte das capturas. Ca nova situación, xa no século XVII, os poderosos gremios de mareantes coa súa organización tradicional e o sistema do *cerco* decaen considerablemente a favor das novas artes de pesca sentándose, así as bases das profundas transformacións que o sector sufrirá na centuria seguinte.

No **século XVII** a actividade pesqueira entra en crise por unha serie de factores de carácter xeral aos que se superpoñen outros máis concretos de cada zona, como no caso de Pontevedra, onde a colmatación do fondo da ría debido ao lastre dos navíos inflúe na

desaparición dos cercos de sardiña. De modo xeral, o episodio da Armada Invencible e o período de 1640 a 1668 marcado pola guerra de Portugal teñen unha influencia negativa para o sector que ve aumentar a carga fiscal, as demandas dos mariñeiros e as dificultades na navegación. A isto hai que engadir a obriga de que os barcos pesqueiros teñen que ir acompañados de protección armada doutros navíos para protexelos dos constantes ataques. Tamén é negativo para a actividade pesqueira o frecuente desabastecemento de sal e o consecuente aumento do seu prezo.

Ao longo do **século XVIII** o sector pesqueiro sufre transformacións fundamentais marcadas sobre todo pola chegada dos negociadores ou *fomentadores* cataláns interesados no negocio da sardiña. A súa chegada e implantación, sobre todo a partir da década dos setenta, supón a emigración de moitos pescadores e o declive do sistema gremial tradicional, xa en crise. A mediados do século, Galicia segue a ser a principal rexión pesqueira de España pero unha serie de circunstancias fan que a actividade pesqueira comece a decaer. O establecemento por parte da administración borbónica da Matrícula de Mariña ou matrícula de mar é unha desas causas. Trátase dun rexistro da poboación dedicada ao sector pesqueiro para garantir a dotación dos buques de guerra. A escaseza de mariñeiros dispostos a formar parte da Real Armada obriga a administración a tomar esta medida. A partir de entón só os matriculados poden dedicarse ás actividades mariñeiras e teñen o privilexio de ser xulgados por Tribunais de Mariña. Este feito favorece aos cataláns que por facer a súa matrícula en Cataluña non están obrigados ao servizo á Armada.

Os negociadores cataláns, que chegan a Galicia a mediados do XVIII e se instalan preferentemente nas Rías Baixas, empregan novos sistemas de pesca de arrastre máis rendibles que forzan a emigrar a moitos pescadores galegos ó quedarse sen traballo e, tamén, instalan plataformas de salgado de peixe máis eficientes para poder abastecer a mercados máis alongados como o levantino. A ruptura cos modos tradicionais vai a ser o motivo principal de rexeitamento por parte dos ilustrados galegos pero tamén vai a supoñer a transformación da actividade pesqueira e conserveira galega. As principais innovacións introducidas son as novas artes de pesca procedentes de Francia (a *xávega* e o *bou fronte* ao *cerco*), o *prensado* como novo sistema de salga e unha nova organización laboral marcada polo salario como forma de pago, aínda que ata o XIX non podemos falar de modelo capitalista nas fábricas conserveiras. As novas técnicas de pesca permiten máis capturas con menos homes e menos tempo. Por outra parte, o *escochado* como procedemento tradicional para salgar a sardiña (que non permite a exportación) é superado polo prensado, un sistema con maior nivel de mecanización que permite extraer mellor a graxa da sardiña podendo así abaratar o proceso, conservar o peixe máis tempo e comercialo máis lonxe. Tamén os cataláns poñen en marcha unha forma diferente de organización denominada *putting-out* consistente en realizar os traballos por encargo dun empresario que logo comercializa o produto. Con esta forma de traballar o pescador galego convértese en asalariado dos cataláns. A presenza catalá orixinou conflitos sociais por dous motivos. Por unha parte, as protestas contra o emprego da xávega e, por outra, pola negativa dos cataláns a pagalo décimo. Porén, a pesar dos problemas derivados da instalación dos fomentadores co paso do tempo vese que o sector pesqueiro foi o único que experimentou un auténtico cambio estrutural que permite falar dunha etapa precapitalista grazas á introdución do traballo asalariado, á construción de factorías, ás redes de comercialización, aos investimentos ou á mentalidade capitalista do beneficio.

3.3. As manufacturas artesanais rurais e urbanas e as iniciativas protoindustriais

En Galicia, non podemos falar de certa industrialización ata o século XVIII da man, sobre todo, da industria téxtil e das factorías costeiras de salga de sardiña e tamén da elaboración de curtidos e útiles de ferro, dos estaleiros ou das fábricas de louza,

mantelarías ou sombreiros. Porén, xa nos séculos anteriores atopamos unha importante actividade artesanal tanto nas cidades coma no mundo rural. Durante o século XVI e boa parte do XVII os intentos de superar o nivel puramente artesanal son escasos e proceden da Administración. Tan só nas últimas décadas do XVII e xa no XVIII o movemento empresarial nace da iniciativa privada e moi frecuentemente sendo os protagonistas industriais estranxeiros. Este é o caso da fábrica de mantelarías establecida polos flamengos Hadrián de Roo e Baltasar de Kiel en A Coruña en 1685.

En xeral, temos un mellor coñecemento das manufacturas artesanais realizadas no campo que das feitas nas cidades posiblemente polo maior número das primeiras dado o predominio absoluto do mundo rural en Galicia. As industrias rurais constitúen unha actividade secundaria para os campesiños, de carácter complementario e estacional, pensada para satisfacer as demandas básicas da poboación. Estes traballos desenvólvense sempre dentro do ámbito doméstico e moitas veces son realizados polas mulleres. Aos homes son encomendados oficios como os de zapateiro, xastre ou ferreiro e así o proba a documentación fiscal dos séculos XVI e XVII, que nos revela xa a presenza deste tipo de actividades no campo galego e o seu peso na economía dos campesiños. Por outra banda, a produción de téxtiles, sobre todo de liño, realízana fundamentalmente as mulleres e por iso non aparece neste tipo de documentación aínda que está corroborada nos protocolos notariais. A produción téxtil con frecuencia serve para satisfacer a propia demanda, pero noutras comarcas é un importante recurso para complementar os ingresos da familia. As ferrerías son pequenas instalacións metalúrxicas que se instalan en zonas con abundante auga e bosque para extraer o carbón vexetal que empregan como combustible. Son frecuentes na montaña lucense e no Valadouro, e o habitual é que os seus propietarios sexan os mosteiros ou os fidalgos que ceden a persoas con capacidade técnica a explotación da ferrería a cambio dunha renda. Nestas pequenas industrias fúndese o mineral de ferro para formar lingotes ou mazos que logo se forxan nas fraguas para convertelos en todo tipo de obxectos metálicos.

Nos núcleos urbanos, o sector artesanal durante os séculos XVI e XVII é menos coñecido e está menos estudado que no medio rural. Os casos máis coñecidos son os de Santiago e A Coruña. En Compostela, en 1588, o setenta e tres por cento da poboación activa traballa en actividades artesanais, sendo maioritario o oficio de zapateiro (cincuenta e sete individuos) seguido polos artesáns do téxtil e polos traballadores do ferro. Na cidade de A Coruña o número de artesáns (sobre todo dedicados o traballo do coiro e do téxtil) é bastante menor (pouco máis dun trinta e cinco por cento do total da poboación activa en 1588) debido a importancia do sector pesqueiro que ocupa a unha parte importante dos traballadores. Esta diferenza entre Santiago e A Coruña no número de artesáns pódese estender ao resto de Galicia de xeito que as persoas ocupadas no sector artesanal son moitas máis nas cidades do interior que nas costeiras.

En xeral, no mundo urbano predominan os artesáns que responden co seu traballo ás necesidades do resto da poboación. Por este motivo, zapateiros e xastres son os dous oficios máis frecuentes aínda que o seu número é bastante reducido se temos en conta a cantidade de persoas que viven nas cidades. Tamén é baixo o volume de negocio que xera a actividade manufactureira e o seu peso no sistema económico se a comparamos ca mercantil (esta última desenvólvese en menor grado pero ten un rendemento maior gracias ao tráfico portuario no litoral e ao do viño no interior). As manufacturas artesáns en poucas ocasións son obxecto de comercio o cal contribúe a súa debilidade como sector. Hai poucos exemplos nos que se producen excedentes cos que se pode comerciar como ocorre no caso da industria do coiro en Santiago que é capaz de exportar a Castela e Portugal.

Nas cidades os artesáns traballan en pequenos talleres e pertencen ao gremio propio do seu oficio. Esta organización en gremios mantén prácticas tradicionais que non favorecen os cambios nin o dinamismo xa que os representantes dos gremios e do concello son os que controlan o acceso á profesión e os prezos dos produtos entre outras cousas. A pertenza a un gremio é imprescindible para o exercicio do seu traballo e dentro

del tamén se establecen diferenzas de status que xeran unha auténtica división xerárquica no seu interior.

Se temos en conta todos estes factores é sinxelo entender a debilidade do sector artesán. O predominio de oficios destinados simplemente a cubrir necesidades básicas da poboación e o carácter limitado da súa actividade, o escaso volume de negocio que moven estas manufacturas e o limitado comercio do que son obxecto xunto coa tradicional organización gremial permite comprender tamén a continua dependencia das iniciativas exteriores e a incapacidade dos talleres autóctonos para facer fronte a un aumento da demanda ou para dar resposta a unha necesidade concreta. Así ocorre a finais do século XVI cando as autoridades militares necesitan formar armadas e os gremios implicados non son capaces de abastecelos. A manufactura artesán galega só foi capaz de evolucionar cara unha industria, aínda que primitiva, a finais do século XVII coa axuda da Coroa e das inversións estranxeiras.

Porén, o descenso da poboación urbana e a perda de importancia das cidades galegas durante o XVIII fai que o cambio nas manufacturas non sexa revolucionario e que o carácter tradicional e gremial sega sendo a nota dominante aínda que hai algunhas excepcións que anuncian outra maneira de organización. A actividade manufactureira téxtil que complementa a economía familiar no mundo rural cobra unha maior importancia sobre todo gracias ao traballo do liño. As importacións de liño do Báltico e a instalación das primeiras fábricas téxtiles fan que xurdan núcleos especializados neste tipo de actividades como A Coruña, onde se consolida a Real Maestranza de Mantelaría que agrupa a setenta e cinco familias de tecedores. Pódese destacar tamén o xurdimento dunha elite de artesáns en Santiago constituída por prateiros, acibecheiros e ebanistas. Na segunda metade do século, xa en época ilustrada, os Borbóns intentan fomentar a industria e o comercio nacional ao estilo francés creando fábricas reais e apoiando iniciativas privadas. Na maior parte dos casos trátase de pequenos centros fabrís moi semellantes aos talleres tradicionais aínda que incorporen máquinas rudimentarias e aumenten un pouco o número de traballadores. Destacan as dedicadas á produción de téxtiles e curtidos.

Ademais do sector pesqueiro, durante o século XVIII hai outros dous sectores que sofren importantes modificacións: a construción naval e a siderurxia. As dúas únicas iniciativas realmente innovadoras neste terreo son a construción do estaleiro militar de Ferrol, ordenado pola Coroa, e a instalación en Sargadelos do alto forno promovido por Raimundo Ibáñez que na última década da centuria irrompe nun mundo aínda dominado polas ferrerías ao estilo tradicional.

Alto forno en Sargadelos

Dende 1726 Ferrol é capital do Departamento Marítimo da zona Norte e, poucos anos despois, constrúense os primeiros barcos. Para isto o señor xurisdicional da zona, o conde de Lemos, tivo que ceder os seus dereitos ao rei Fernando VI. A impresionante necesidade de man de obra que xera o arsenal orixina un rápido crecemento da poboación que converte a Ferrol na máis poboada de Galicia a finais do século XVIII. O incremento de xente obriga a construción dun barrio obreiro, o de Esteiro, e de outro para a Mariña, o da Magdalena. Ademais, esta industria naval precisa doutras industrias complementarias (madereira, téxtil, fundición, etc.) que converten a esta cidade nun centro industrial verdadeiramente único.

A siderurxia de Sargadelos é o proxecto máis importante de Ibáñez, un asturiano de familia fidalga asentado en Ribadeo. A construción do alto forno, o primeiro deste tipo en España, comeza en 1791 e pretender dedicarse a fabricación de potes pero a falta de demanda fai que finalmente teña que producir municións para o Exército. Por mor desta fábrica de municións de Sargadelos, Ibánez vai ter que facer fronte a unha gran conflitividade social provocada por varios sectores da poboación. Por unha parte, os campesiños opóñense á industrialización e a concesión que Ibáñez conseguiu do rei para que estes lle transporten o carbón dende a montaña e a munición e as pezas que realiza ata o porto de mar, por outra, o clero co bispo de Mondoñedo á cabeza, para defender os seus dereitos xurisdicionais na zona xa que o empresario négase a pagar o décimo e as xustizas locais que protestan pola tala de árbores empregados como combustible na fábrica. Todos estes enfrontamentos acaban con varios levantamentos e incluso con varios mortos en 1798. A pesar de tódolos problemas Ibáñez leva a cabo unha segunda iniciativa, unha fábrica de cerámica que ten gran importancia ao longo do século XIX.

3.4. O comercio interior e exterior

O comercio, sobre todo o interior, non foi un sector especialmente desenvolvido na Galicia da Idade Moderna xa que o estado da agricultura e a produción manufactureira non permitía moitos excedentes para intercambios a gran escala. Porén, a economía galega neste momento non é unha economía autárquica e podemos falar de actividade comercial. Todas as comarcas, en maior ou menor medida, participan do comercio aínda que é no mundo urbano onde se realizan a maior parte das transaccións.

A importancia que van adquirindo as cidades ao longo do século XVI permite considerar a esta centuria como un momento bastante dinámico dende o punto de vista comercial, a lo menos ata 1570/80, décadas nas que se deteriora o estado xeral da economía. O comercio marítimo desenvolvido nas áreas costeiras é o que xera un maior volume de negocio pero no século XVI destacan tamén as relacións mercantís con Castela e, sobre todo, a importancia que acadan as feiras nas áreas rurais. Estas feiras serven como lugares de intercambio de produtos da terra e do gando, lenzos ou producións artesanais en xeral nunha rexión onde os camiños interiores son escasos e están moi mal atendidos.

A mala calidade das vías de comunicación interiores supón un acicate para o comercio exterior que constitúe, sen dúbida, o de maior relevancia na Galicia da Idade Moderna. De feito, a importancia do comercio da cidade de Santiago xustifícase tendo en conta a súa conexión co peirao de Padrón e con outras vilas marítimas coma Noia ou Muros. O comercio con América non logrou un gran desenvolvemento no século XVI, aínda que se deron algúns pasos para potencialo. Neste sentido é unha experiencia importante, aínda que fracasada, a creación da Casa da Especieiría en 1522 en A Coruña para monopolizar o comercio das especias coas Illas Molucas. Tamén vai nese camiño a inclusión de Baiona e A Coruña na relación dos oito portos autorizados en 1529 a comerciar directamente coas Indias (o regreso obrigatorio a través de Sevilla restaba interese a estas expedicións). A vitalidade do comercio marítimo en Galicia baséase noutras relacións. Por unha banda, é destacado o asentamento de comerciantes ingleses nalgúns enclaves costeiros para a venda de panos. Ademais a importación de sal para a industria pesqueira dende Portugal, Andalucía e Francia, o ferro de Biscaia, efectos navais do Báltico, aceite andaluz e incluso cereal nos anos de crise agraria, constitúe a base do comercio marítimo. Por outro lado, Galicia exporta tres produtos básicos: peixe, viño e madeira. A todo isto hai que engadir tamén o tráfico marítimo que liga as comarcas litorais co norte de Portugal, Asturias e Cantabria e que ten como protagonistas a pequenos mercadores.

A partir de 1570/80 prodúcese unha crise económica e demográfica xeral á que hai que engadir a mala situación política provocada polo enfrontamento entre Filipe II e Sabela

I de Inglaterra. Todo isto repercute nos intercambios comerciais que se orientan case exclusivamente cara a importación de cereal.

Durante o século XVII a estrutura dos intercambios comerciais pouco cambia con respecto á centuria anterior. A característica máis destacada ven dada pola alternancia de mercadores estranxeiros en función das circunstancias políticas, substituíndose os ingleses por franceses, escoceses e irlandeses.

Un fito importante en relación co comercio exterior no século XVII foi a creación dos Correos Marítimos aínda que o seu desenvolvemento terá lugar xa na centuria seguinte. A primeira concesión é de 1689 e establecía unha liña entre o porto de A Coruña e o inglés de Falmouth. Estes lugares son os puntos de recollida e saída de toda a correspondencia entre Gran Bretaña e os países do Norte de Europa coas Indias. En 1764 concédese a segunda concesión que permite intercambiar correspondencia e, ademais, mercadorías nacionais con América grazas á creación, tamén en A Coruña, dunha compañía privilexiada de propiedade estatal. Estes correos marítimos mantéñense ata 1778, data a partir da cal se liberaliza o comercio e se producen importantes cambios nas relacións comerciais que inician a decadencia do comercio galego en A Coruña e o seu control por parte de cataláns, vascos, casteláns, etc. A situación mellora un pouco pola concesión de Carlos III dun Consulado Marítimo e Terrestre con sede en A Coruña. Esta iniciativa é unha iniciativa dos ilustrados e a burguesía coruñeses que logran así un certo desenvolvemento económico e mercantil da cidade.

A creación da Real Compañía Comercial de Galicia, asentada en A Coruña, en 1734 supón outra oportunidade para potenciar o comercio galego. Os Borbóns recortan desta maneira o dereito exclusivo do porto de Cádiz e conceden a esta compañía, e a outras similares no resto da Península, certos privilexios para realizar transaccións con América. No caso da compañía galega outórgaselle a exclusividade do comercio do pau de tintura de Campeche, o comercio e a instalación de fábricas téxtiles nesta área en exclusiva durante cincuenta anos e a posibilidade de establecer colonos galegos nesas terras e utilizar negros para os traballos. Ningunha destas vantaxes pode ser aproveitada debido á debilidade da burguesía comercial galega, á resistencia británica e á oposición dos comerciantes de Cádiz e Sevilla.

Para paliar a profunda crise de finais do XVIII, potenciada polo declive do comercio colonial, vanse aprobar unha serie de medidas que continuarán no século XIX. Entre elas está o corso e o contrabando e trata de negros. Co permiso ou patente de corso o barco beneficiario pode perseguir e apresar os navíos das potencias inimigas e despois de vendidos os bens repartir as ganancias entre os armadores e a tripulación. A partir de 1780 calquera súbdito español pode vender escravos en Indias e este comercio vaise converter nun dos máis lucrativos. A burguesía e, en xeral, os comerciantes coruñeses son os máis beneficiados con este negocio e os seus descendentes acabaron sendo as familias máis ricas da cidade.

4. A SOCIEDADE GALEGA NA IDADE MODERNA

4.1. Características xerais da sociedade galega na época moderna

A organización social da Idade Moderna, en xeral, e a galega, en particular, caracterízase por estar baseada no privilexio, diferenciando claramente entre as clases privilexiadas, isto é, os estamentos da nobreza e a Igrexa, e os non privilexiados onde está todo o resto da poboación (campesiños, comerciantes, artesáns). Privilexiados e non privilexiados compoñen unha sociedade estamental e desigual dende o punto de vista xurídico onde non todos os individuos pagan impostos e non teñen os mesmos dereitos ante a lei nin son xulgados da mesma maneira. Esta situación social mantén a división tardomedieval na que hai persoas que gozan de exencións, privilexios e honores simplemente por pertencer a un estamento ou liñaxe determinado.

Outro factor determinante na organización da sociedade é a riqueza económica que neste momento en Galicia se traduce na propiedade da terra e na percepción de rendas agrarias. Tamén neste caso os favorecidos son os mesmos, a nobreza laica e a eclesiástica. Rendeiros e privilexiados son case sinónimos e representan a cúspide da sociedade fronte os campesiños que traballan unhas terras que non son da súa propiedade. O campesiñado é o colectivo máis numeroso dado o peso do mundo rural fronte ao urbano. A nobreza e a Igrexa son os donos non só dunha grande cantidade de terras senón tamén de grande parte dos dereitos de xurisdición que exercían sobre o seu territorio e sobre a xente que habitaba nel. Son os señores aos que os campesiños lles deben unha serie de obrigas establecidas nos contratos de foro entre as que se atopan a de pagarlles o usufruto da terra. Deste xeito, o foro de orixe medieval consolídase como o tipo de contrato principal, aínda que con diferenzas con respecto a etapa anterior. En principio, no século XIII, os foros eran cesións perpetuas e as rendas impostas eran proporcionais ás colleitas. Na Idade Moderna a duración dos foros era a equivalente á vida de tres reis e as rendas eran fixas, sen ter en conta se a colleita fora boa ou mala.

Na Idade Moderna os dereitos que a nobreza e o clero teñen sobre a terra concrétanse no señorío e no *dominio directo*. O *dominio directo* implica a potestade de cesión das terras baixo contrato, percibindo en troco unha renda. Os campesiños aforados son os que ostentan o *dominio útil,* polo que explotan as terras e dispoñen delas libremente a condición do pagamento das rendas estipuladas. Por outra banda, as terras pódense ceder tamén de outras formas, como arrendamento ou cesión a prazos de tempo curtos ou a parcería de duración moi variable, pero o foro é a forma de cesión máis utilizada en toda a época moderna.

Se ben os sectores con privilexios xurídicos son, en xeral, tamén os máis acomodados economicamente, hai que ter en conta que, coma en calquera outra sociedade, a riqueza é un criterio de diferenciación social. De este modo, non son iguais todos os nobres nin tampouco todos os campesiños e danse casos de membros da nobreza que dispoñen de menos recursos que outros que pertencen o grupo traballador. Existen grandes diferenzas entre un agricultor pobre e un rico, entre un cura rural e un arcebispo.

Esta sociedade estamental e desigual baseada no privilexio e na propiedade da terra é ademais unha sociedade moi pouco dinámica, case estática, na que resulta practicamente imposible cambiar de posición. Só se produce unha certa mobilidade social nalgúns casos cando os nobres arruinados se alían con burgueses ricos pero sen títulos, normalmente mediante matrimonios, para mellorar ambos a súa situación.

Na Idade Moderna pódese falar ademais dunha sociedade escasamente controlada polo poder político e relixioso xa que, por unha parte, o poder dos señores suplanta moitas veces ao da monarquía e, por outra, as prácticas supersticiosas escapan ao control da Igrexa.

Finalmente, na análise da situación social da Idade Moderna en Galicia hai que facer referencia obrigada a un fenómeno que supón unha gran novidade con respecto a etapa medieval anterior. Trátase da aparición dun novo grupo social, a fidalguía intermedia, que se vai consolidando en detrimento da nobreza laica. Os membros da fidalguía pertencen a unha nobreza menor, privilexiada pero escasamente titulada, que se beneficia ao longo dos séculos XVI e XVII de concesións de foros eclesiásticos e da súa posterior explotación na través de subforos. As principais casas de fidalgos constitúense no século XVI e están xa plenamente asentadas no campo e no reparto das rendas agrarias dende mediados do século XVII converténdose no grupo social fundamental da Galicia do século XVIII.

4.2. Os principais grupos sociais da Idade Moderna. Os seus modos de vida e a mentalidade colectiva.

Como xa dixemos, a organización social nestes séculos baséase na distinción entre os sectores privilexiados e os nos privilexiados. Entre os primeiros atopamos a nobreza laica, entre a que merece unha mención especial a fidalguía, e o clero. No grupo maioritario, o dos non privilexiados, atopamos todo o resto da poboación, fundamentalmente o campesiñado pero tamén outros grupos sociais que non están vinculados á terra como pescadores, artesáns e comerciantes.

Os grupos privilexiados controlan a maior parte da riqueza de Galicia porque posúen a terra e basean os seus ingresos na percepción de rendas agrarias. Estas elites exercen un señorío territorial como propietarios da terra (cobro as rendas, prestacións de traballo gratuíto, preferencia no uso das terras comunais…) e un señorío xurisdicional que exercen sobre as persoas que viven no seu territorio (nomeamento de xuíces, alcaldes, monopolios, cobro de impostos…) Estas dúas facetas do poder poden estar separadas dándose casos de campesiños que teñen obrigas cun señor por dereito territorial e con outro por dereito xurisdicional.

A nobreza laica é o grupo social que logrou maiores ingresos e riquezas ao longo da Idade Moderna exercendo o seu señorío, na maior parte, xa con orixe na Idade Media. A partir do reinado dos Reis Católicos, a alta nobreza galega ocupa moi a miúdo altos cargos na Administración e no Exército, feito que provoca a súa ausencia de Galicia. Isto é aproveitado pola Igrexa e, sobre todo, pola baixa nobreza que aumenta o seu poder social e económico ao longo do século XVI e XVII ata configurarse en un grupo diferenciado, a fidalguía. Os fidalgos enriquécense grazas ao cobro de rendas (a alta nobreza e o clero arréndanlles as propiedades e eles vólvenas a arrendar aos campesiños) e ocupan cargos municipais e tamén outros instrumentos de control como escribanías, rexistros, notarías, etc. A fidalguía convértese nun grupo intermedio entre os propietarios e os campesiños, nunha ponte entre o urbano e o rural e inverten as súas ganancias en comprar terras e inmobles (os pazos son o mellor expoñente do seu poderío) ata acadar un posto determinante tanto na escala social coma na económica. A peculiaridade da fidalguía galega de ser rendeiro e non explotadora directa da terra determinará a dificultosa transición de Galicia cara a modernidade.

Pazo de Sedor. Edificio do século XVII fundado por Francisco González do Vilar, Colexial de Fonseca, Avogado da Real Audiencia do Reino de Galicia e Fiscal de Guerra deste Reino.

O clero posúe tamén unha parte importante das rendas agrarias e exerce un enorme poder no seu territorio. Percibe rendas procedentes do foro, décimos, primicias e outros ingresos, sumando entre todos eles máis da metade da riqueza agraria de toda Galicia. En Compostela hai que destacar o Voto de Santiago polo que a Igrexa percibe rendas en función dun vello privilexio en agradecemento pola intervención do Apóstolo na batalla de Clavijo. Porén, a pesar de ser o clero un sector privilexiado, non é homoxéneo e existen grandes diferenzas de posición social e económica no seu seo. Por unha parte, o clero regular que vivía nos mosteiros obtiña case todos os seus ingresos a través dos foros que gravaban as súas enormes extensións de terra. Os principais mosteiros de Galicia como San Martiño Pinario, Samos, Armenteira ou Celanova recibían ademais das rendas pola terra, tributos en función de dereitos eclesiásticos e como señores xurisdicionais. Tamén o clero secular (mitras, cabidos, parroquias) dispón de rendas forais e ademais recibe grandes conceptos de décimos, votos, misas e diversos oficios relixiosos que acrecentan o seu poder económico. Fronte aos abades dos grandes mosteiros ou ao arcebispo de Santiago, os curas rurais non gozan de tantos privilexios nin de tantas riquezas. Os diferentes graos de riqueza tamén se rastrexan na súa procedencia social. Así, os bispos case sempre proceden de familias nobres foráneas, o clero catedralicio e as relixiosas dos conventos da fidalguía local e o clero parroquial, maioritariamente, do campesiñado. A situación do clero galego, en xeral, no que respecta ao seu nivel cultural e a súa forma de comportarse deixa bastante que desexar. As constantes chamadas de atención por parte das xerarquías eclesiásticas son a proba de que a súa actitude con frecuencia non é a correcta. Hai que agardar ata o século XVIII para que mellore a súa formación e o seu comportamento.

Os ingresos destes dous grupos de privilexiados non se destinan á modernización da agricultura, do comercio ou da industria senón ao autoconsumo e a manter os numerosos preitos sobre a titularidade de rendas e terras. O clero destinan gran parte dos seus ingresos ao seu propio consumo interno, ás esmolas que repartían e, en ocasións, á construción de igrexas ou capelas. Os fidalgos, pola súa parte, tiñan a maiores que pagar rendas pola súa condición de foreiros intermedios e pagar os estudos dos fillos así como o mantemento dos pazos. Deste xeito, consumían toda a riqueza adquirida e non invertían parte dos seus beneficios en mellorala situación xeral da sociedade.

O campesiñado constitúe o grupo social máis numeroso chegando a ser o oitenta por cento da poboación de Galicia. Eles son a base fundamental da sociedade tanto polo número como pola riqueza que producen. A gran maioría vive nunhas condicións duras e tanto homes coma mulleres deben traballar unhas terras que non son da súa propiedade, establecendo unha mínima especialización nas tarefas. En anos normais obteñen o xusto para pagar as rendas e sobrevivir pero cando hai malas colleitas chegan a fame e as débedas. De tódolos xeitos, non todos os campesiños teñen a mesma situación. O campesiño medio trata de ser autosuficiente e vivir combinando os beneficios dos anos de boas colleitas cos das malas e mantendo algún animal que sacrifican para o consumo e crían para a venda. Ademais, existen tamén campesiños ricos (menos do dez por cento) que son propietarios de terras, aínda que de pequenas dimensións, e usufrutúan outras, ademais de contar con explotacións gandeiras. Estes foron máis numerosos nos séculos XVI e XVII e, a miúdo, loitan para pertencer a fidalguía. Fronte a eles, hai unha porcentaxe maioritaria de campesiños pobres que non posúen recursos suficientes e que, despois de traballar as reducidas explotacións que lles arrendan, deben exercer de xornaleiros ou emigrar.

Ademais dos campesiños, no estamento de non privilexiados existen outros colectivos sociais que non están vinculados directamente coa terra. Entre eles están os mariñeiros, os artesáns e os comerciantes. Os pescadores agrúpanse en gremios e cofrarías e os artesáns tamén teñen que cinguirse ás normas gremiais. Os comerciantes viven unha etapa de esplendor no século XVI coa venda de panos e de viño pero na centuria seguinte teñen que enfrontarse a decadencia. Estes mercadores constitúen a burguesía galega do momento que lonxe de comportarse como tal prefire investir en riqueza agraria e facelo de modo inmobilista e tradicional. A vinculación á terra é a

característica máis destacada da sociedade galega da Idade Moderna e iso xustifica tamén a cantidade de conflitos que protagoniza e que enfrontan a tódolos grupos sociais.

A configuración social da Idade Moderna permanece practicamente sen cambios ao longo dos tres séculos. Porén, aínda que o carácter tradicional e o inmobilismo son as características dominantes, o século XVIII presenta algúns cambios. É ademais o século que, como ocorre noutros aspectos, tamén para o estudo da sociedade dispón de maior información. As diferenzas sociais pasan a estar definidas por criterios económicos e non simplemente estamentais. A partir de agora a renda é, cada vez máis, o criterio que diferenza ás persoas. Nesta centuria a condición de nobre está vinculada ao recoñecemento e ao nivel de riqueza. O feito de formar parte dalgún dos ámbitos de poder (da Administración, do Exército ou da Igrexa) xa era unha garantía que podía e debía complementarse cun matrimonio acertado para consolidar o estatus. Os grupos dominantes son os fidalgos e os clérigos e, xunto a eles, outros menos coñecidos como o dos letrados. Namentres, os campesiños seguen sendo un grupo subordinado, aínda que con grandes diferenzas entre eles. En xeral, a súa situación empeorou ao longo do século XVIII debido ao crecemento demográfico e á consecuente parcelación das explotacións. Este empobrecemento fai que moitos campesiños pasen a ser man de obra barata, sobre todo nas terras do litoral. Son os denominados bodegueiros ou caseteiros.

Outro dos rascos definidores do século XVIII é o aumento dos conflitos relativos á propiedade da terra. Por unha parte, están os enfrontamentos entre rendeiros e campesiños, xa existentes nas centurias anteriores, para mellorala súa situación e, por outra parte, os litixios entre os grupos privilexiados pola titularidade dos dominios endurécense nesta centuria ca consolidación da fidalguía. Os intereses de fidalgos e clérigos chocan, sobre todo, no referente á renovación dos foros, un conflito que agora alcanza maiores proporcións e que enfronta a boa parte da sociedade e as súas institucións. A fidalguía pretende a renovación dos foros para seguir cobrando rendas ao actuar de intermediaria entre campesiños e señores, sobre todo eclesiásticos que se opoñen a esa renovación. As diferentes posturas entre ambos grupos son motivo frecuente de demandas e de consultas á Real Audiencia e á Xunta do Reino e, finalmente, tamén ante o propio monarca sobre todo entre 1760 e 1763. Neste ano, en 1763, o rei Carlos III pon fin ao conflito mediante unha pragmática na que ordena suspender as demandas ata que lexisle sobre o tema. Na práctica isto supuxo a conversión dos foros en perpetuos, favorecendo á fidalguía que tamén se ve protexida polos cambios políticos, que fan perder poder á alta nobreza e apoiada por un monarca ilustrado. Finalmente, tamén o alto clero, incluídos os arcebispos, moitas veces procedentes de familias fidalgas, apoian a nova situación configurándose así unha conxuntura que se manterá no século XIX.

5. ENSINO E CULTURA NA IDADE MODERNA EN GALICIA

Como na maior parte de Europa, a sociedade galega dos séculos XVI e XVII é fundamentalmente iletrada e hai que agardar ao século XVIII para que os niveis de alfabetización aumenten, a lo menos nos núcleos urbanos. Os niveis son diferentes segundo os grupos sociais e segundo a parte do Reino na que nos atopemos. Os datos máis temperás, os de 1635, son boa proba disto: nas áreas rurais só sabe asinar o 7.8 % da poboación masculina e nas cidades o 20%. As zonas costeiras do sur de Galicia son as máis alfabetizadas debido á importante presenza monástica, á maior densidade de poboamento e ao seu maior nivel económico. En xeral, tódolos datos apuntan ao carácter elitista e masculino da cultura letrada xa que son clérigos e nobres os de maior cultura e as mulleres son practicamente iletradas.

Non existe na Idade Moderna un sistema educativo oficial e integrado, aínda que si temos exemplos de mestres e de preceptorías públicas en algunhas localidades xa no século XVI. Este é o caso de A Coruña onde o concello paga regularmente a un mestre e existen ademais outros docentes que exercen por libre a súa tarefa. Os nenos que teñen o privilexio de ser ensinados teñen na doutrina cristiá o núcleo básico da súa formación e aprenden a ler, a escribir e nocións de cálculo. O texto escolar máis popular é a *Cartilla*, editada sen interrupción dende 1583 aínda que non chega a tódalas zonas de Galicia. A *Cartilla* estrutúrase en varios bloques de abecedario, silabario, Táboa de Pitágoras, oración simples e doutrina.

No século XVIII as diferenzas continúan aínda que a porcentaxe de labregos que saben asinar é algo máis do cincuenta por cento. No caso das mulleres o analfabetismo segue sendo a regra xeral. Nesta centuria, a iniciativa dalgúns indianos xunto ao espírito ilustrado tratan de estender as escolas primarias urbanas ao campo onde, por outra parte cada vez era máis necesario saber ler e contar para poder comerciar e saber estar ao fronte de pequenas industrias domésticas.

O seguinte nivel educativo é o das chamadas preceptorías ou escolas de gramática nas que se estuda fundamentalmente esta disciplina e permiten o acceso á Universidade. Estas cátedras públicas fúndanse na súa maioría na segunda metade do XVI e na segunda metade do XVII moitas delas, normalmente relixiosas, son absorbidas polos xesuítas. Mentres que os mestres de escola tiñan que completar os seus ingresos con outra actividade, normalmente coa labranza, os preceptores de gramática están mellor pagados, aínda que peor que os de outras rexións, e non precisan dedicarse a outra profesión.

Ademais das escolas municipais e as cátedras públicas, as ordes relixiosas crearon colexios onde se imparte gramática, filosofía e teoloxía, contribuíndo así á difusión do ensino en Galicia. Neste sentido é fundamental a aportación dos xesuítas, que van a contar coa oposición no resto da comunidade eclesiástica polo seu prestixio intelectual e o seu novidoso sistema pedagóxico. Un dos máis coñecidos colexios xesuítas é o de Nosa Señora da Antigua en Monforte (1593) pero tamén destacaron os de Santiago, Pontevedra, Ourense ou o da Coruña fundados nos séculos XVI e XVII.

No ano 1501, o notario santiagués Lopo Gómez de Marzoa, o bispo de Canarias Diego de Muros II e o, nese momento, deán de Santiago Diego de Muros III apoian economicamente e asinan a escritura fundacional do Estudio Xeral ou Estudio Vello en Santiago de Compostela para clérigos e estudantes pobres, xermolo da posterior Universidade. O paso definitivo ven da man do arcebispo Alonso de Fonseca III que crea o Colexio Novo e o Papa autoriza o outorgamento de graos universitarios en Artes, Teoloxía, Dereito Canónico e Dereito Civil. A intervención da Coroa, xa morto Fonseca, da o empuxe definitivo á formación da Universidade e supón o paso de colexio universitario de dependencia episcopal a universidade de patrocinio real.

Ao longo do século XVIII, a Universidade de Santiago vese metida nun proceso de loita de diferentes grupos polo seu control e tamén por acabar coa hexemonía e os privilexios dos colexiais de Fonseca. Isto non se vai a conseguir ata que a reforma universitaria de Fernando VI en 1748 impón un visitador extraordinario, don Diego de Ulloa, para avaliar os problemas existentes e cambios necesarios. Estes cambios son aprobados en 1751 e os problemas resoltos a partir de entón. As reformas continúan con Carlos III e o seu ministro Campomanes despois de 1758, xa no marco dun cambio xeral da universidade española cunha intención claramente centralista.

O Colexio de Fonseca foi unha das primeiras sés da Universidade.

O colexio de Fonseca, que perde a condición de hospedaría, e a Universidade sepáranse fisicamente pero ademais prodúcense modificacións no plano de estudos que supoñen a modernización da institución como a introdución de materias prácticas e científicas. O debate a partir de entón vai a estar entre os defensores das ciencias experimentais e os dos saberes tradicionais.

6. A ILUSTRACIÓN EN GALICIA

Os ilustrados galegos, desexosos de promover unha ciencia útil, realizan a maior parte da súa obra na segunda metade do século XVIII. Todos eles céntranse na resolución dos problemas de Galicia polo que os seus obxectivos son a reforma do sistema económico, coa transformación das estruturas agrarias e o impulso ao proceso industrializador, e a mellora do nivel educativo da poboación. Normalmente pertencen a familias acomodadas e moitos son eclesiásticos. Entre as características comúns aos ilustrados galegos están a súa moderación política e relixiosa, a confianza na razón e na educación e o programa de reformas centrado nos problemas do país.

Entre os representantes máis destacados da Ilustración galega están frei Bieito Xerónimo Feijoo e Montenegro, coñecido como pai Feijoo e autor do Teatro Crítico Universal, e frei Martiño Sarmiento, defensor do galego ou Diego Antonio Cernadas Castro, o cura de Fruíme (parroquia coruñesa onde sempre exerceu o seu ministerio). Estas dúas últimas personalidades son ademais os máis fecundos poetas galegos do XVIII e defensores do galeguismo. Ademais destes ilustrados vinculados á Igrexa, destacan fidalgos e xuristas como Xosé Cornide e Francisco Somoza Monsoriu, ambos fundadores da Academia de Agricultura de Galicia ou empresarios como Raimundo Ibáñez.

Frei Bieito Xerónimo Feijoo e Montenegro

Todos eles deixan importantes obras nas que propoñen reformas para Galicia pero ademais propoñen a creación de institucións que desenvolvan os cambios propostos, aínda que non sempre con éxito. É o caso da Real Academia de Agricultura do Reino de Galicia establecida na Coruña en 1765 para investigar os males do sector agrario e darlles solución.

Os ilustrados fundan outras institucións, apoiados pola Administración central, para salvar a situación económica galega. Así se constitúen Sociedades Económicas de Amigos del País como a de Santiago en 1784 ou a de Lugo ao ano seguinte, para aprobar a creación de escolas de fiado e a expansión de novos cultivos. Outra institución orientada a mellorar a situación económica da Galicia moderna é o Consulado de A Coruña, un organismo xa creado a finais do XVI pero cuxo desenvolvemento cobra maior importancia na época da Ilustración e, sobre todo, xa no XIX debido o seu enorme poder económico e político. Entre as súas preocupacións máis destacadas están as melloras na navegación e nos portos e o fomento da actividade industrial, principalmente a téxtil.

7. BIBLIOGRAFÍA

- BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R. A *Galicia do Antigo Réxime*. Ensino, Ilustración e Política. Hércules de Ediciones, A Coruña, 1991.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R. e VILLARES, R. (dir.) *A Gran Historia de Galicia*, Tomos 11-17, La Voz de Galicia, A Coruña, 2007.
-SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P. *A Galicia do Antigo Réxime*. Hércules de Ediciones, A Coruña, 1991.
- SAAVEDRA VÁZQUEZ, M.C. *Galicia na Idade Moderna*, Vía Láctea Editorial, A Coruña, 1995.
- VILLARES PAZ, R. *Breve Historia de Galicia*, Alianza Editorial, Madrid, 2003.
- VV.AA. *Historia de Galicia*. Madrid, Ed. Alhambra, 1981.